

**Coñece ó noso equipo: ALBERTO GAGO RODRÍGUEZ, Coordinador do Grupo REDE**

Alberto Gago Rodríguez é Doutor en Economía pola Universidade de Santiago de Compostela e Catedrático de Economía Aplicada da Universidade de Vigo desde 1994. Nesta universidade foi Director do Departamento de Economía Aplicada durante o período 1995-2000, Vicerreitor de Planificación e Asuntos Económicos de 2002 a 2006 e Reitor entre 2006 e 2010. Noutros ámbitos, foi membro do Consello Económico e Social de Galicia, do Consello de Cultura Galega, do Comité de Dirección de Revista Facenda Pública Española e da Asociación Española de Economía da Energía (da que foi o primeiro presidente), entre outros. Na actualidade preside o Comité Científico dos Encontros de Economía Pública.

Durante a súa longa traxectoria investigadora, os seus traballos desenvolvérónse nos campos da fiscalidade aplicada, a reforma fiscal, a economía ambiental e a fiscalidade enerxético-ambiental. Ten publicado unha quincena de libros e máis de setenta artigos sobre estes temas, ten sido investigador principal en numerosos proxectos de investigación e leva dirixidas diversas teses doutorais.

Na actualidade dirixe o grupo de investigación REDE (<http://rede.webs.uvigo.es/>), centrado na economía pública, a economía enerxética e ambiental, e na xestión da innovación e excelencia operacional.



**A Universidade de Vigo organiza a xornada 'Oportunidades de Financiamento 2018-2020 no ámbito da investigación mariña'**

A xornada, que estivo organizada polo CIM-UVigo, Campus do Mar e a área técnica de I+D+i, tivo como obxectivo dar a coñecer os principais instrumentos de financiamento da investigación no ámbito mariño a nivel europeo, interrexional e autonómico.



**A investigadora Cristina Calvo é novamente galardoada nos 'Emerald Literati Awards for Excellence'**

A investigadora do grupo C+D obtivo o premio 2017 Highly Commended Award dentro da revista British Food Journal por segundo ano consecutivo



**Aberto o prazo de envío de artigos para a octava edición do 'Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics'**

O 8 th AWEEE está organizado por Economics for Energy coa colaboración de ETH Zúric e a Universidade de Münster (Alemaña), e conta co apoio de ECOBAS. O prazo de envío de traballos finaliza o 22 de abril.



**O Grupo GEN lidera, xunto coa Deputación de Ourense, dous proxectos para analizar a realidade fiscal dos municipios galegos**

Trátase de dúas iniciativas pioneiras na análise fiscal dos municipios galegos: o I Informe 'Rede Localis' e o Observatorio Municipal Galego.

## CONVOCATORIAS ABERTAS E EVENTOS DE INTERESE

### CONVOCATORIAS NACIONAIS E REXIONAIS:

MINECO - Axudas para contratos para a formación de investigadores en empresas 2017 (Doutoramentos Industriais)

- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 8 de febreiro de 2018.

Fundación MAPFRE - Premio Internacional de Seguros Julio Castelo Matrán

- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 10 de marzo de 2018.

Fundación BBVA - Becas Leonardo a Investigadores e Creadores Culturais

- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 15 de marzo de 2018.

Universidad Francisco de Vitoria - Premios Razón Abierta

- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 4 de abril de 2018.

MECD - Programa FARO

- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 28 de maio de 2018.

### CONVOCATORIAS INTERNACIONAIS:

Comisión Europea- Interreg POCTEP

- Obxectivo: Financiar proxectos de cooperación entre España e Portugal.  
- Prazo de presentación de solicitudes: do 28 de febreiro ó 28 de marzo de 2018.

Comisión Europea- Interreg SUDOE

- Obxectivo: Financiar proxectos de cooperación transnacional no suroeste de Europa.  
- Prazo de presentación de solicitudes: apertura prevista a comezo do 2018.

### EVENTOS DE INTERESE:

21-22 de xuño: 8th Atlantic Workshop on Energy and Environmental Economics (A Toxa, Pontevedra)

10-12 de xullo: XXIII Workshop on Dynamic Macroeconomics (Soutomaior, Pontevedra)